



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

25 de novembro de 2024

Hoxe , 25 de novembro conmemoramos o Día Internacional para erradicar calquera forma de violencia contra as mulleres. Somos conscientes de que sigue sendo un problema estrutural que atravesa fronteiras, culturas e circunstancias supoñendo unha clara vulneración dos dereitos humanos fundamentais.

Dende 2003, ano no que existen rexistros oficiais en España, 1236 mulleres foron asasinadas por a súa parexa ou exparexa. No que levamos de ano foron 24 menores os que se quedaron orfos.

As estadísticas din que o 2.8 millóns de nenas e mulleres sufriron violencia sexual en algún momento da súa vida, o 84 % das vítimas dos delitos contra a liberdade sexual son mulleres e o 96% dos responsables de estos delitos son homes.

Esto son solo algunhas cifras que ilustran como a violencia contra as mulleres está presente en todas as esferas da nosa sociedade e sabemos que, en moitas ocasións non son denunciadas permanecendo invisibles e silenciadas: a violencia física, económica, matrimonios forzados, a violencia vicaria, donde os fillos e as fillas son empregados como instrumentos de sufrimento; a violencia dixital, que se manifesta en ameazas, acoso e chantaxe no entorno virtual; a trata das mulleres e nenas con fines de explotación sexual, unha das formas máis crueis da esclavitude contemporánea. Non podemos esquecer o uso da submisión química convertendo as vítimas en obxectos sin vontade para ser violentadas impunemente.

Tampouco podemos ignorar as formas extremas de violencia que se agravan en contextos de guerra, donde as mulleres e as nenas son empregadas como armas de guerra, sufrindo violación, abusos, escravitude sexual, crímenes que con demasiada frecuencia quedan impunes. Estas atrocidades esixennos reforzar o noso compromiso cá defensa dos dereitos humanos e a protección das vítimas esixindo xustiza en todas as partes do mundo.

A erradicación da violencia contra as mulleres é unha tarefa de toda a sociedade como parte de un esforzo colectivo para transformar as estruturas que perpetúan o machismo e a desigualdade, evitando os discursos negacionistas que se están normalizando a día de hoxe en frases tales como *“solo foi un bico, non é para tanto”*, *“non se vos pode decir nada que todo vos ofende”*..., porque a pesares dos progresos legislativos en España aínda queda moito por facer.

Resulta imprescindible que toda a sociedade se una na condena da violencia machista en todas as súas manifestacións, e que traballemos colectivamente para construír un futuro no que ningunha muller deba de seguir vivindo con medo.


Este ano celebramos un avance crucial no ámbito europeo: A Directiva 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. É unha norma que marca un hito na protección dos dereitos das mulleres, establecendo medidas para combater a violencia de xénero e garantiza o acceso a xustiza e a protección das vítimas obrigando aos Estados membros a adoptar medidas que fortalezan os servizos de apoio, aseguren unha axeitada resposta penal a través da tipificación de novos delitos como por exemplo o ciberacoso e que promovan a cooperación transfronteriza, garantizando que ningunha muller quede desprotexida por as fronteiras internacionais.

Por este motivo, instamos ao Goberno de España a proceder canto antes a trasposición de esta directiva ao ordenamento xurídico e normativo nacional, co fin de garantir ás vítimas de violencia de xénero que reciban toda a atención e protección necesaria, de acordo cos estándares europeos. Esta implementación é fundamental para asegurar a plena efectividade dos dereitos reconecidos ás vítimas no ámbito comunitario, consolidando así o marco normativo que reforza a súa protección e asistencia integral no territorio español.

Dende o Concello de Toén comprometémonos firmemente a seguir mellorando a coordinación entre as distintas institución implicadas na loita contra a violencia de xénero, para asegurar que as vítimas reciban o apoio integral que precisan para superar a violencia sufrida. Así mesmo instamos a todas as administracións competentes a redobrar esforzos na formación continua dos profesionais que interveñen na intervención das vítimas, co fin de garantir unha resposta especializada e de calidade que cubra todas as necesidades dende un enfoque integral e multidisciplinar.

Por este motivo, facemos un chamamento a toda a sociedade para sumar esforzos por unha sociedade máis xusta, libre de violencia e igualitaria. É nosa responsabilidade denunciar públicamente todas as formas de violencia contra a muller para que o silencio e a complicidade non teñan cabida na nosa sociedade.

É hora de que a vergoña recaiga donde debe de estar: en quenes exercen a violencia e non en quenes a sofren.


Concelleira DWG

